

HENRY JAMES

A besta na xungla

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

CAPÍTULO PRIMEIRO

O que no seu encontro provocou a perturbadora conversa non ten maior importancia; é probable que tan só se tratase dunhas palabras que el mesmo pronunciara sen lles dar demasiadas voltas, unhas palabras logo de recoñecérense, de situárense á par e, xuntos, comezar a camiñar con paso lento. Uns amigos, unha ou dúas horas antes, acompañáranos á casa na que ela se hospedaba; o grupo de visitantes da outra casa, entre os que el se contaba, recibira un convite para xantar alí e, segundo a súa teoría, eles eran a causa de que estivese perdido entre a multitude. Despois do xantar houbo unha desbandada para cumprir co principal motivo da visita: admirar Weatherend e os delicados obxectos, os peculiares elementos, os cadros, as reliquias familiares e os tesouros das distintas artes que lle outorgaban certa sona a aquel lugar. Tan numerosas eran as formidables estancias da mansión, que os invitados podían botar o día a deambular pola casa; podían abandonar o grupo principal e, cando os asuntos tomasen un cariz de relevancia, entregarse a misteriosas apreciacións e cálculos. Víanse persoas en recunchos apartados, soas ou por parellas, inclinándose sobre obxectos, coas mans riba

dos xeonllos e abaneando a cabeza, coma quen que, na súa excitación, estaban a uliscar. Cando había dous individuos, ou ben mesturaban as súas exclamacións de éxtase ou ben fundíanse en silencios aínda máis significativos; de modo que para Marcher había detalles naquela visita que tiñan o aire de *inspección* previo a unha venda proclamada aos catro ventos, que excita ou arrefría, segundo o caso, o soño da adquisición. Este, o soño de adquisición, tivera que ser descomunal en Weatherend, e, entre tantas e tantas suxestións, John Marcher sentíase case tan desgonzado polos que sabían demasiado coma polos que non sabían ren. Aquelas enormes estancias desprendían tanta poesía e historia que Marcher experimentaba un certo acoro, de tal xeito que necesitaba pór terra de por medio para establecer con elas unha relación adecuada, aínda que a súa maneira de facelo non fose, como acontecía co xúbilo malsán dalgúns dos seus compañeiros, comparable aos movementos dun can que osma unha lacena. Isto axiña trouxo consecuencias imposibles de vaticinar.

Durante aquel serán de outubro, en síntese, tivo lugar un encontro entre John Marcher e May Bartram, cuxo rostro, máis como ferida do pasado ca coma unha mera lembranza, comezara a conturbalo, iso si, para ben, namentres sentaban á gran mesa, distantes entre si. Experimentaba un sentimento de mágoa, unha pena por algo que perdera, antes sequera de comezar. Sabíao, e de momento aceptábao sen lamentos, como unha continuación de algo cuxa orixe non comprendía, feito que resultaba interesante ou divertido, sobre todo porque dalgún modo tamén el era consciente de que a

